



# PLAN DIXITAL

CEIP Plurilingüe  
Pepe de Xan Baña

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña

**CÓDIGO DO CENTRO:** 15026777

|                                  |   |                             |
|----------------------------------|---|-----------------------------|
| <b>Enderezo</b>                  |   | <b>C.P.</b>                 |
| Traba                            |   | 15848                       |
| <b>Localidade</b>                | <b>Concello</b>   | <b>Provincia</b>            |
| Xallas de Castriz<br>(San Pedro) | Santa Comba   | A Coruña                    |
| <b>Tfno.</b>                     | <b>Fax</b>  | <b>Correo electrónico</b>   |
| 881866641                        | 881866642   | ceip.pepedexan@edu.xunta.es |
| <b>Páxina web</b>                | <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippepedexan/">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippepedexan/</a> |                             |

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O C.E.I.P. Plurilingüe Pepe de Xan Baña de Traba, do Concello de Santa Comba, atópase nun contexto rural no que moitas familias viven da gandaría. O alumnado é maioritariamente homoxéneo, mentres que no claustro hai moito cambio. Este curso ao claustro incorporáronse varios mestres con praza definitiva no centro, polo que, con esta nova situación agardamos acadar maior estabilidade de persoal no futuro.

Tan el como se pon de manifesto coa elaboración deste documento, o claustro segue comprometido en todas as actividades que xiran arredor das TIC.

Contamos no centro, con 5 unidades. Unha aula mixta de educación infantil, con 19 alumnos, e 4 aulas en educación primaria, dúas delas mixtas. O número total do alumnado do centro ascende a 68.

O claustro que temos agora mesmo é persoal definitivo, a excepción do especialista de educación física, que é funcionario en prácticas e que o vindeiro curso 2022-23 será definitivo tamén.

Contamos con dúas persoas itinerantes no centro, unha delas a Orientadora, cuxo centro base é o CEIP Labarta Pose, e acode ao noso centro 2 días á semana (mércores e venres). Así como tamén a especialista de Relixión, que compartimos co CEIP O Coto, e ven ao noso centro 3 días a semana (luns, martes e mércores).

Cabe destacar as instalacións privilexiadas coas que conta o noso centro. Contamos cunha biblioteca moi ben equipada, recursos informáticos, un gran pavillón deportivo e un patio espazoso con equipamento de xogo e abundante flora e horta escolar que pode ser aproveitada pedagoxicamente.

O C.E.I.P. Plurilingüe Pepe de Xan Baña leva anos procurando ofrecer ao alumnado unha oferta pedagóxica atractiva, como mostra a participación no programa PLAMBE (formando parte das Bibliotecas Inclusivas e Creativas, e tamén Radio na biblio), a súa aposta polas TIC e as linguas e o esforzo da formación continua do profesorado. Dende o equipo de dinamización da lingua galega búscase un uso axeitado do galego, contando cun alumnado que é maioritariamente galegofalante. Un dos obxectivos curriculares é acadar un nivel satisfactorio na lingua castelá.

Cabe destacar como novidade para este curso, a inclusión no programa Pluriinfantil, no cal se comeza impartindo 6 sesións en lingua inglesa.

Ofertamos diversas actividades que pretenden achegar o alumnado a esa Lingua Estranxeira.

O centro sigue apostando pola formación do profesorado. Destacando cursos, os cursos de ferramentas dixitais e os cursos que traballan a educación emocional.

Prestaremos especial atención a boa convivencia, procurando fomentar un clima de respecto tanto entre o claustro, en relación coas familias e a ANPA, entre o alumnado e os alumnos e o persoal docente e non docente. Buscarase a colaboración coas familias, o departamento de orientación e o diálogo entre todos os membros da comunidade educativa. Así mesmo consideramos fundamental colaborar co Concello de Santa Comba achegando ao alumnado a oferta das actividades que propoñan.

No que se refire á incardinación e contribución deste documento ao proxecto educativo, pasa a ser un referente que pretende cumprimentar os obxectivos que xa se viñan formulando xa en cursos anteriores como integrar as TICs no currículo, traballando e reforzando os contidos das diferentes áreas e aqueles contidos relacionados cos proxectos que se desenvolven a nivel de centro. Preténdese ensinar ao alumnado o manexo do ordenador e dos distintos programas que lle servirán como recursos no seu proceso educativo. Para acadar este obxectivo o centro ten en cada aula un ordenador con conexión WIFI, 5 aulas dispoñen de encerado dixital e todas teñen canón.

Por último a PXA verase enriquecida por este documento incorporando á mesma a pretensión dun maior aproveitamento de todos os recursos tecnolóxicos da nosa comunidade. Pasará a ser parte do eixo vertebrador que fundamente o uso de infraestruturas tecnolóxicas, formacións do alumnado, profesorado e familias, cun aproveitamento máis reflexivo, estudo e estruturado de todos eles.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa que regula todo este procedemento queda recollida nos seguintes documentos:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

## 1.4. Proceso de elaboración

No primeiro trimestre realizouse a avaliación inicial a través da ferramenta SELFIE para coñecer o estado do noso centro en canto dixitalización.

No comezo do segundo trimestre implementouse o Test CDD para coñecer a competencia dixital dos mestres e mestras do centro.

Coa información destas dúas ferramentas procedeuse a realización do DAFO do noso centro facendo unha análise de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades. Realizouse formación específica neste apartado e no da elaboración dos plans de accións nos meses de marzo e abril respectivamente dentro do contexto dun PFP.

No terceiro trimestre elaboráronse as táboas do plan de acción e por último procedeuse a redacción do Plan Dixital.

Cabe sinalar que o de seguimento por parte do mentor da nosa zona establecía a entrega de diversas tarefas ao longo do curso. Posteriormente ditas tarefas, terían concreción neste documento axudando a ter unha temporalización organizada.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O noso centro conta cunha conexión dun ancho de banda nominal superior a 100 mb/s. Contamos con 2 liñas telefónicas ubicadas en dirección. Na sala de profesorado a conexión dos equipamentos e cableada ao igual que na sala de informática. Contamos tamén con conexión WIFI. Hai que sinalar que este curso académico 21-22 sufríronse bastantes incidencias en relación á conectividade dando lugar a non poder dispoñer do servizo en varios días. Por outra banda, é importante destacar a ausencia de cobertura móbil en a meirande parte do recinto.

No noso centro todas as aulas contan con pantallas interactivas, se ben algunhas xa non funcionan correctamente sendo adquiridas no seu día grazas a editoriais ou a través de presupostos propios do centro. Ademais o equipo do profesorado e na meirande parte das aulas de sobremesa, tendo algunha delas portátil, pero se ben é certo están obsoletos en canto a funcionalidade. Por outra banda dispoñemos de cinco tablets, unha por aula, que se atopan en dirección.

No referente a equipamento de xestión e administración contamos con dous equipos de sobremesa en secretaría e unha impresora. No departamento de orientación tamén contamos con outro ordenador de sobremesa.

A sala de profesores conta con tres ordenadores de sobremesa e unha fotocopiadora monocromo.

A nosa aula de informática está formada por 13 equipos de sobremesa e un canón dixital, se ben é certo os equipos non funcionan de forma axeitada.

Un lugar de referencia no noso centro é a biblioteca na que dispoñemos dun equipo de sobremesa de consulta e outro para o rexistro. Ademais dispoñemos dunha impresora 3D cun ordenador e dun espazo habilitado para a radio con mesa de mesturas, ordenador e micrófonos.

O noso centro só emprega na meirande parte das ocasións servizos corporativos para a xestión de información. As publicacións realízanse a través da web do centro notificando as familias, cando así o require, a través de Abalar Móbil. O profesorado é coñecedor do servizo Abalar Pro.

Por último, no noso centro o único protocolo relacionado coas novas tecnoloxías que existe é o Plan TIC o cal esta disposto no punto 15 da PXA do noso centro.

Servizos dixitais educativos: servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente (páxina web do centro, aula virtual, Agueiro, E-Dixgal, espazoAbalar, Abalarmóbil,...).

Dentro dos servizos educativos o noso centro leva xa anos empregando o servizo de Web diámicas (web do centro) así como aulas virtuais e o servizo de Abalar Móbil. Porén, existen outro tipo de servizo que vimos utilizando que dan moi bos resultados como é o caso de ClassDojo en EI, servizos de ofimática do Microsoft (Word, PowerPoint, Excel) e sistema operativo Windows. Se ben, estase intentando conducir ao centro á instalación de software libre. Ademais algún mestre emprega aplicacións de avaliación como Additio/Idoceo.

No caso de incidencias no noso centro a UAC é noso referente para solventalas.

En canto a protocolos de centro relacionados coas TIC, contamos con plan elaborado polo Equipo de Dinamización das TIC que pode ser consultado no punto 15 [da nosa PXA](#).

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

**Autoavaliación SELFIE:** inclúese a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

| Areas                   | Grupos         | Ensinanzas |
|-------------------------|----------------|------------|
|                         |                | Primaria   |
| A -Liderado             | Equipo Direct. | 3,2        |
|                         | Profesorado    | 2,9        |
|                         | Alumnado       | -          |
| B- Colaboración e redes | Equipo Direct. | 3,3        |
|                         | Profesorado    | 2,7        |

|  |                |     |
|--|----------------|-----|
|  | Alumnado       | 2,1 |
| <b>C- Infraestruturas e Equipos</b>            | Equipo Direct. | 2,7 |
|  | Profesorado    | 2,6 |
|  | Alumnado       | 3,3 |
| <b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b> | Equipo Direct. | 3,7 |
|  | Profesorado    | 3,6 |
|  | Alumnado       | -   |
| <b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>          | Equipo Direct. | 3,8 |
|  | Profesorado    | 3,2 |
|  | Alumnado       | -   |
| <b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>    | Equipo Direct. | 3,4 |
|  | Profesorado    | 2,9 |
|  | Alumnado       | 2   |
| <b>G- Prácticas de avaliación</b>              | Equipo Direct. | 3,1 |
|  | Profesorado    | 2,8 |
|  | Alumnado       | -   |
| <b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>    | Equipo Direct. | 3   |
|  | Profesorado    | 2,5 |
|  | Alumnado       | 2,4 |

**Test CDD:** Ademais do recollido na táboa 1.3. do Test CDD en relación co perfil do profesorado participante, achegamos tamén a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal:

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

|                    | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|--------------------|-------------------------------|-----------------------|-----------------|
| <b>DEFINITIVO</b>  | 7                             | 8                     | 87,5%           |
| <b>PROVISIONAL</b> | 1                             | 1                     | 100%            |
| <b>INTERINO</b>    | -                             | -                     | -               |
| <b>SUBSTITUTO</b>  | 1                             | 1                     | 100%            |
| <b>DESPRAZADO</b>  | 2                             | 1                     | 100%            |

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| 85,5                                 | Integrador/a (B1)    | 76,4  | Integrador/a (B1)               |

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

|             | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|-------------|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| <b>Inf.</b> | 76,3                                 | Integrador/a (B1)    | 68,2  | Integrador/a (B1)               |
| <b>Pri.</b> | 81,3                                 | Integrador/a (B1)    | 77  | Integrador/a (B1)               |

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

|           | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|-----------|---|---|
| <b>A1</b> | -   | -   |
| <b>A2</b> | 3   | 27,3%                                     |
| <b>B1</b> | 6   | 54,5%                                     |
| <b>B2</b> | 1   | 9,1%                                      |

|              |    |      |
|--------------|----|------|
| <b>C1</b>    | -  | -    |
| <b>C2</b>    | 1  | 9,1% |
| <b>TOTAL</b> | 11 | 100% |

Ademais de toda a información obtida coas dúas ferramentas citadas para a elaboración do DAFO, contamos tamén co asesoramento da persoa mentora de centro e dos membros do EDPD.

Cabe sinalar que os datos do SELFIE ás veces son sesgados e requiriron de interpretación, das persoas antes mencionadas, para facer unha interpretación da situación real do centro.

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

| INTERNOS   |                              | FORTALEZAS   | DEBILIDADES   |
|------------|------------------------------|--|---|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS- EQUIPAMENTO | Biblioteca moi ben equipada (Radio e impresora 3D)<br>PEC1.1 ED (4) Empregamos o software corporativo<br>C5. (2,9) ED (3) Prof (2,7) No noso centro dispoñemos de asistencia técnica cando temos problemas coas TICs<br>PEC2.1 ED (3) Emprégase software libre nos dispositivos do centro.<br>PEC3.3 AL (4) O centro emprega o servizo de AbalarMobil para comunicarse coas familias.<br>FLUT2. O profesorado considera que o espazo escolar podería facilitar o uso das TICs. | C8. (3,1) ED(3) Prof (3,7) Al (2,7) No noso centro non dispoñemos de suficientes dispositivos TIC nas aulas<br>C3. (2,5) ED (2) Prof (2,5) Al (3) El acceso a internet en el centro es inestable<br>C1.(2,8) ED (3) Prof (2,5) A infraestrutura dixital NON é suficiente para respaldar o ensino aprendizaxe coas TICs.<br>C14. (2,6) ED (3) Prof (2,3) O espazo físico NON é o óptimo para o ensino aprendizaxe a través das TICs.<br>C16. (2,6) ED (3) Prof (2,2) No dispoñemos de repositorios ou bibliotecas en liña con materiais de ensinanza e aprendizaxe.<br>PEC5.1 ED (3) As aulas deberían contar cun mellor equipamento informático   |
|            | PERSOAL DOCENTE              | D2. (3,9) ED (4) Prof (3,7) Temos acceso a un DPC no canto das TICs.<br>E4. (3,6) ED (4) Prof (3,3) Comunicámonos coas familias empregando as tecnoloxías dixitais.<br>G1. (3) ED (3) Prof (3) Empregamos XADE para recoller os resultados da avaliación<br>G7. (3,1) ED (3) Prof (3,2). Empregamos XADE para recoller os resultados da avaliación   | B2. (3) ED (4) Prof (3) Al (2,1) Escaso debate co alumnado sobre as vantaxes e desvantaxes do uso das TICs<br>D1. (3,8) ED (4) Prof (3,5) Non hai debate sobre a necesidade do DPC co profesorado no canto das TICs<br>D3. (3,3) ED (3) Prof (3,5) Non hai intercambio de experiencias TICs dentro da Comunidade Educativa<br>E1. (3,8). Non hai unha suficiente búsqueda de recursos educativos dixitais en liña.<br>E2. (3,3) ED (4) Prof (2,5) Non se crean recursos dixitais<br>E3. (2,9) ED (3) Prof (2,8) Non se empregan entornos dixitais de forma habitual<br>F1. (3) ED (4). Prof (3) Al (1,9) No se realizan actividades TIC para adaptarse a las necesidades individuales del alumnado<br>F3. (3) ED (3) Prof (3). NO se usan las TICs para fomentar la creatividad de nuestro alumnado.<br>F4. (3,1) ED (4) Prof (3) Al (2,3) NO se realizan moitas actividades empregando as TICs.<br>F5. (2,6) ED (3) Prof (2,7) Al (2) NON se empregan as TICs para traballar de forma cooperativa.<br>F6. (2,9) ED (3) Prof (2,7) NON se fan proxectos interdisciplinares empregando TICs.<br>G3. (2,9) ED (3) Prof (2,7) NON se empregan as TIC para dar feedbacks ao alumnado<br>G5 (2,9) ED (3) Prof (2,7) O alumnado NON emprega as TIC para reflexionar sobre o seu aprendizaxe<br>G6 (2,8) ED (3) Prof (2,5) NON se fai uso das TIC para a observación do traballo dos compañeiros/as<br>G9. (3,4) ED (4) Prof (2,8) NON empregamos datos dixitais para mellorar o aprendizaxe<br>G10. (3) ED (3) Prof (3). NON se valora de forma axeitada o traballo coas TIC fora do centro.<br>PEC1.2. Prof (3,7) NON se realizan as suficientes formacions individuais no canto das TICs.<br>PEC4.1 ED (4) NON se coñece a normativa relativa a adquisicións de equipamento informático |



|  |                               |   |  |
|--|-------------------------------|---|--|
|  |                               |   | <p>PEC5.2 Prof (3,5) O profesorado prefere empregar alternativas ao software libre</p> <p>FLUT1. O profesorado considera que a falta de fondos e equipamento dixital ao igual que a inestabilidade na conexión internet limitan o uso das TICs.</p> <p>DPC O profesorado prefere as actividades de DPC de forma presencial e que permitan aplicación directa na aula.</p>  |
|  | <b>PERSOAL NON DOCENTE</b>    | FLUT5. Dispoñemos de apoio técnico para resolver as nosas dúbidas cos problemas nas TICs.                   |  |
|  | <b>ALUMNADO</b>               |   | <p>H1. (2,7) ED (3) Prof (2,7) Al (2,4) NON se realizan actividades para aprender a navegar seguro na rede.</p> <p>H3. (2,9) ED (3) Prof (2,8) Al (3) NON se realizan tarefas para aprender a actuar de xeito responsable na rede.</p> <p>H4. (2,7) ED (3) Prof (2,7) Al (2,5) NON se traballa a adquisición de ferramentas para comprobar a fiabilidade da información que atopamos na rede.</p> <p>H7. (2,8) ED (3) Prof (2,5) NON se ensina ó alumnado a crear contidos dixitais.</p> <p>H8. (2,8) ED (3) Prof (2,5) . O alumnado NON aprende a comunicarse a través das TICs</p> <p>H10. (2,6) ED (3) Prof (2,7) Al (2). O alumnado non emprega de xeito habitual a tecnoloxía nas diferentes actividades.</p> <p>H11. (2,4) ED (3) Prof (2,2) Al (2) O alumnado soamente traballa a codificación e a programación en actividades illadas.</p> <p>H13. (2,4) ED (3) Prof (1,8). O alumnado NON aprende a resolver os problemas técnicos que aparecen ao empregar as TICs</p> <p>PEC2.3 Al (1,7) O alumnado non pode facer o seguimento das súas tarefas a través da aula virtual</p> <p>PEC4.3 Al (2,3) O alumnado NON é coñecedor dos programas de software libre</p> <p>PEC5.3 Al (2,4) O alumnado NON emprega software libre na súas casas para a realización das actividades da escola</p> |
|  | <b>FAMILIAS</b>               |   | MIX1. As familias do centro teñen unha baixa competencia dixital   |
|  | <b>OFERTA</b>                 | A3. (3,4) ED (3) Prof (3,7) O profesorado ten tempo para explorar novos métodos de ensinanza coa tecnoloxía |  |
|  | <b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b> |   | <p>C8. (3,1) ED(3) Prof (3,7) Al (2,7) No noso centro non dispoñemos de suficientes dispositivos TIC nas aulas</p> <p>C3. (2,5) ED (2) Prof (2,5) Al (3) El acceso a internet en el centro es inestable</p> <p>C1.(2,8) ED (3) Prof (2,5) A infraestructura dixital NON é suficiente para respaldar o ensino aprendizaxe coas TICs.</p> <p>C14. (2,6) ED (3) Prof (2,3) O espazo físico NON é o óptimo para o ensino aprendizaxe a través das TICs.</p> <p>C16. (2,6) ED (3) Prof (2,2) No dispoñemos de respositorios ou bibliotecas en liña con materiais de ensinanza e aprendizaxe.</p> <p>PEC5.1 ED (3) As aulas deberían contar cun mellor equipamento informático</p>   |

| EXTERNOS   |                                 | OPORTUNIDADES   | AMEAZAS  |
|------------|---------------------------------|---|--|
| CATEGORÍAS | <b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b> | A Administración aposta pola dixitalización dos Centros Estamos nunha época de cambios e potenciación dixital froito da recente pandemia<br>Hai oferta formativa relacionada coas TICs.<br>A Administración educativa aposta polo plan TIC. | A aplicación de XADE so serve para a recollida de notas<br>O deseño das aplicacións corporativas é pouco visual e intuitivo<br>É doado que o PDC pase a ser un documento máis sen outra pretensión.                                  |
|            | <b>LEXISLACIÓN</b>              |   | A burocracia e os continuos cambios limita as ganas de innovar do profesorado<br>É preciso desenvolver bancos de recursos que faciliten a labor docente (nube corporativa...)<br>Excesiva lexislación educativa e cambios continuos. |
|            | <b>CONTORNA</b>                 | C7. (2,9) ED (3) Prof (2,7) En nuestro centro contamos con estratexias de protección de datos<br>A Comunidade Educativa colabora estreitamente e ten moi boa relación co centro educativo   | As familias teñen unha competencia dixital baixa<br>O acceso a dispositivos por parte do alumnado e a conexión estable nas súas vivendas é limitado  |

|  |                         |   |  |
|--|-------------------------|---|--|
|  |                         | As TICs motivan a Comunidade Educativo  |  |
|  | <b>ANPA</b>             | A ANPA é colaboradora co centro.<br>As familias reciben de bo grado as novas actividades que teñen que ver coas TIC e a innovación educativa. |  |
|  | <b>OUTRAS ENTIDADES</b> |   | B3. (2,9) ED (3) Prof (2,7) Falta de colaboracións con outras organizacións empregando as TICs |

### 3. Plan de Acción

A continuación, pasamos a enumerar os obxectivos, indicadores e accións que, tras ter analizado toda a información, se consideran prioritarias para o noso centro.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a concreción de obxectivos, indicadores e accións analizouse o DAFO en profundidade tendo coidado de escoller aqueles ítems que, segundo a ideosincrasia do noso centro, se consideraron como prioritarios. As táboas seguintes recollen esta información:

**"Área/s de mellora": Liderado (A)**

|                                  |  |                    |  |
|----------------------------------|--|--------------------|--|
| <b>OBXECTIVO 1</b>               | Actualizar o Plan Dixital de Centro (A1*)  | <b>Acadado</b>     |  |
| <b>RESPONSABLE:</b>              | Equipo de Dinamización do Plan Dixital   | <b>Non acadado</b> |  |
| <b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b> | Número de cambios e adaptacións feitas no eido do Plan Dixital para actualízalo as características do novo curso escolar 2022-2023 |                    |  |
| <b>Valor de partida</b>          | 0 cambios e adaptacións feitas no eido do Plan Dixital para actualízalo as características do novo curso escolar 2022-2023         |                    |  |
| <b>Valor previsto e data</b>     | 1 cambio e adaptación feito no eido do Plan Dixital para actualízalo as características do novo curso escolar 2022-2023            | 30/11/2022         |  |

**ACCIÓN A DESENVOLVER**

| DESCRICIÓN  | RESPONSABLES                           | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN |           |  |
|---|--|-------------------|---------------------|-----------------------|-----------|--|
|   |  |                   |                     | VALORACIÓN DA ACCIÓN  | ESTADO    |  |
| <b>AO1.1: Designar un coordinador TIC</b>                                   | Equipo Directivo Claustro              | 30/09/2022        | Actas de reunións   |                       | Realizada |  |
|   |  |                   |                     |                       | Aprazada  |  |
|   |  |                   |                     |                       | Pendente  |  |
| <b>AO1.2: Designar os membros do Equipo de Dinamización do Plan Dixital</b> | Equipo Directivo Claustro              | 30/09/2022        | Actas de reunións   |                       | Realizada |  |
|   |  |                   |                     |                       | Aprazada  |  |
|   |  |                   |                     |                       | Pendente  |  |
| <b>AO1.3: Levar a cabo un claustro para decidir a liña dixital a seguir</b> | Equipo Directivo Claustro              | 30/09/2022        | Actas de reunións   |                       | Realizada |  |
|   |  |                   |                     |                       | Aprazada  |  |
|   |  |                   |                     |                       | Pendente  |  |
| <b>AO1.4: Trasladar a reflexión do claustro o Plan Dixital</b>              | Equipo de Dinamización do Plan Dixital | 30/11/2022        | Plan Dixital        |                       | Realizada |  |
|   |  |                   |                     |                       | Aprazada  |  |
|   |  |                   |                     |                       | Pendente  |  |

(\*A1 Estratexia dixital)

| "Área/s de mellora": Liderado (A)  |   |                   |  |                       |             |  |
|--|---|-------------------|--|-----------------------|-------------|--|
| OBXECTIVO 2  | Elaborar e por en marcha unha estratexia dixital que mellore a competencia dixital do profesorado e do alumnado (A1*) |                   |  |                       | Acadado     |  |
| RESPONSABLE:   | Equipo de dinamización das TICs   |                   |  |                       | Non acadado |  |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO  | Creación de unha estratexia dixital definida para seguir no curso 2022-2023   |                   |  |                       |             |  |
| Valor de partida   | 0 estratexias dixitais definidas para seguir no curso 2022-2023   |                   |  |                       |             |  |
| Valor previsto e data  | 1 estratexia dixital definida para seguir no curso 2022-2023  |                   |  | 30/11/2022            |             |  |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER  |   |                   |  |                       |             |  |
| DESCRICIÓN   | RESPONSABLES  | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS                      | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN |             |  |
|  |   |                   |  | VALORACIÓN DA ACCIÓN  | ESTADO      |  |
| <b>AO2.1: Acordar no claustro as liñas dixitais a seguir</b>   | Equipo directivo<br>Equipo de dinamización do Plan Dixital  | 30/09/2022        | Acta de reunión                          |                       | Realizada   |  |
|  |   |                   |  |                       | Aprazada    |  |
